

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/03/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 07/03/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-feb-2022, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONTSERRAT CORES VÁZQUEZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0292

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso e/n Grupo Municipal Vilagarcía en Común, solicitando informe sobre as condicións de cesión dun despacho de uso privativo no auditorio municipal a empresa que realiza o servizo de limpeza nas instalacións do auditorio. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que de conformidade co informado polo responsable do Servizo de Alumeado Público, Auditorio e Estacións Bombeos, na actualidade a empresa do servizo de limpeza non dispoñe do uso de ningún despacho. Ésta dispón de dous almacéns situados en zonas do Auditorio.

PRP2022/0505

Dáse conta do escrito presentado por Dona Pilar Lorenzo Regades e/n C.P. Estación 1, denunciando falta de limpeza na beirarrúa fronte ao nº1 da praza da Estación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sr Lorenzo Regades, que se buscará unha solución para que a limpeza da beirarrúa sea máis eficiente, xa que a veces os turismos estacionados invaden a mesma e a máquina barredora non pasa.

Acórdase así mesmo remitir o acordo a CESP.A.

PRP2022/0645

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Minusválidos Reunidos Asmire, remitindo estatutos e actividades da asociación, co fin de autorizar o ofrecemento de axendas 2022, na vía pública.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a venda de axendas, na vía pública no ano 2022.

PRP2022/0622

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nuria María Cruz Ramos e/n Asociación ALCER, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 10 de marzo de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0646

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Vázquez Blanco solicitando autorización para instalación de caseta na Praia da Concha, ao final da parte dereita da segunda plantaforma de madeira, para servizo de hostelería durante os meses de maio a setembro de 2022. A instalación se realizará mediante un contenedor de 14.65 m² e 8 mesas con catro cadeiras cada unha.

Dáse conta do informe favorable da Arquitecta Técnica Municipal, dende o punto de vista urbanístico e técnico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda informar favorablemente a solicitude e remitila á Xefatura Provincial de Costas xunta coa documentación.

PRP2022/0647

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Xuvenil Arousa Moza en relación á retirada das súas pertenzas da sede do Liceo Casino, que se levará a cabo entre os días 8 e 10 de marzo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Asociación Arousa Moza que o concello colaborará na retirada das pertenzas da Asociación con medios propios, o día 10 de marzo de 2022 e serán depositadas durante 3 meses nos baixos do Auditorio Municipal.

PRP2022/0648

Vista a Proposta da Concellería de Servizos Sociais para autorizar á Asociación Arela o uso temporal da Comandancia para levar a cabo un programa de intervención preventiva chamado "Espazos de preservación familiar", a Xunta de Goberno Local acorda:

-Autorizar a Asociación Arela a utilización dun espazo na Comandancia durante as obras que teñen previsto realizar no baixo que acaban de alugar, durante os meses de marzo, abril e maio de 2022.

- A presente autorización é de carácter temporal e estará condicionada ás necesidades da administración local, en canto aos prazos de demolición do edificio para adicar o solar ao futuro centro de saúde.

- A Asociación Arela comprométese ao correcto uso da instalación e á suscripción dunha póliza de seguro para o desenvolvemento da súa actividade.

PRP2022/0649

Vista a proposta da Area de Comunicación Social para aprobar a participación do Concello de Vilagarcía na Convocatoria dos premios Laus de Deseño 2022, co proxecto de Urbanismo táctico -comecocos.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a participación do Concello, e tendo en conta que a cota de participación foi aboada pola deseñadora da Area de Comunicación Dona Rocio Lueiro, acórdase así mesmo reitegrar á mesma o importe de 155,00€ correspondente á cota de participación con cargo á partida 926-22699.

PRP2022/0650

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ARIDOS DEL UMIA, S.A. U. para subministro de material (hormigón) para reparación de beirarrúas en Avda. de Cambados, Avda. Rosalía de Castro, Avda. Pontevedra e Avda. As Carolinas, por un importe estimado de 5.240,27€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0651

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á sinalización incorrecta de estacionamento para discapacitados na rúa López Cuavillas nº1, sendo apreciadas as seguintes deficiencias:

- A sinalización existente da lugar a confusión xa que a sinal vertical está situada despois do estacionamento na orden da marcha e carce de lenda indicando cantas prazas son as destinadas a este propósito.
- Ademáis no pavimento das dúas prazas de estacionamento anexas podese apreciar pintura de color azul o que pode confundir aos usuarios da vía.

A Xunta de Goberno Local acorda que se corrixan as deficiencias citadas.

Dar conta ao servizo de sinalización (Mario Vázquez) e á Policía Local.

PRP2022/0654

No presente exercicio 2022 o Concello dispón en calidade de arrendario dos seguintes espazos que son utilizados para aparcamento público de vehículos, sendo os seus titulares ou administradores as seguintes persoas ou entidades:

IMPORTE ANUAL	TERCEIRO	NOME TERC.	TEXTO LIBRE
2.797,68	A15200520	ALVAREZ CONCHADO E HIJOS, S.A.	Por el arrendamiento de las fincas, sitas en Vilagarcía de Arousa, Rúa Francisco Porte Rey nº3.
2.500,00	33149407J	CORTIZO NIETO JOSE ANTONIO	Aluguer ano 2020 parcelas en Santa Lucía para estacionamento público.
1.000,00	B360011972	METALQUIMICA ESPAÑOLA S.L.	Alquiler de parcela en Avda. Rosalía de Castro destinada aparcamento
3.630,00	44081557X	REMIREZ DE ESPARZA LINDNER , JOSE MARÍA	Alquiler Parcelas aparcamento
1.200,00	35463485S	BARREIRO MOROÑO AVELINO e/n Wenceslao González Garra	Arrendamiento Solar rúa Alfredo Brañas, 5 Vilagarcía de Arousa(8748904NH1847N)

Coa finalidade de que se proceda ao abono por parte do Concello do importe da anualidade 2022, deberán remitir ao Concello a través de FACE a correspondente factura facendo constar o DIR 3.

Así mesmo deberán indicar a través da sede electrónica municipal (<https://sede.vilagarcia.gal>) que autorizan a prórroga dos citados contratos durante o ano 2022.

PRP2022/0656

Dáse conta do acordo de cesión en depósito do Fondo "Liceo-Casino", e acta de entrega/recepción dos documentos, que quedarán adscritos e baixo a tutela do Departamento do Arquivo Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0664

Dáse conta do anuncio no DOGA de data 28 de febreiro de 2022, da Consellería de Sanidade pola que se da publicidade da encomenda do Servizo Galego de Saúde, á Axencia Galega de Infraestructuras para a Xestión das Actuacións para a redacción do proxecto de execución do novo Centro de Saúde de Vilagarcía de Arousa. a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0610

Visto o escrito presentado por Dona Natalia Fontan Fructuoso, solicitando desprazamento de sinal de minusválidos por invasión a entrada/saída da parcela da súa propiedade no número 52 da rúa Areeiro.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá previamente solicitar vao permanente, e posteriormente reubicarase o sinal de minusválidos.

PRP2022/0634

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Ferreira Castaño, en representación de Asociación Musical Coda, solicitando cambio de datas para celebración dun evento (audicións) pasando a celebrarse o 12 de marzo de 2022, na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, así como a colocación dun escenario de 8x5 m. e 200 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2022/0700

Dáse conta do escrito presentado por D. Rafael Tiago López solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia ou rúa Covadonga para instalar unha Food Truck para venda de gofres e creps, do 25 de febreiro ao 06 de marzo de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0704

Dáse conta do escrito presentado pola entidade Special Olympics, solicitando autorización para celebración dos 27º Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios, o 5 de marzo de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0706

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Rodríguez Martínez e/n Grupo Político Vox, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación dunha carpa e unha mesa informativa, o 05 de marzo de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0710

Dáse conta do escrito presentado por Fundación Oxigeno, solicitando autorización para realizar campaña de sensibilización e información ambiental baixo a denominación "Microplásticos, Macrobasura: La mar de Limpio", a realizar o 6 de marzo de 2022 na praia da Concha-Compostela, 9 de marzo de 2022 na praia Castelete, e 10 de marzo na praia Concha-Compostela. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0668

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL (Librería Arousa) para o subministro de 9 títulos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, polo importe de 111,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0669

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Metrópolis Cómis Vilagarcía para o subministro de 29 títulos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, polo importe de 181,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0633

Dáse conta da chegada ao Departamento de Medio Ambiente dun escrito de Augas de Galicia con rexistro de entrada de data 18/02/2022 polo que se lle dá traslado a este Concello do resultado da avaliación do funcionamento da EDAR competencia municipal, onde se achega os aspectos máis salientables, sendo estes os seguintes:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento rendemento insuficiente
- Recomendacións:
 - Recómendase axilizar a reparación ou substituír a bomba de auga bruta nº 3, posto que o bombeo de auga bruta se atopa sen bomba de reserva.
 - Recómendase realizar unha posta a punto da unidade de desinfección xa que os resultados das análises microbiolóxicas indican que o efecto de desinfección deste equipo é moi reducido (ou nulo), non acadando a garantía de desinfección do equipo de 500UFC/100ml en Coliformes totais. Tamén se recomenda resolver o problema do funcionamento da pantalla táctil do equipo UV posto que se observaron nas últimas visitas técnicas problemas de bloqueo da mesma que impiden acceder, por momentos, aos parámetros de funcionamento de control do equipo.
 - Recórdase que segundo o DECRETO 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia a competencia da xestión e mantemento da rede de saneamento, dos permisos de vertedura, do control de verteduras á rede de saneamento e a responsabilidade de garantir o seu cumprimento é competencia da entidade local xestora do sistema, neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto é responsabilidade do concello localizar e reparar os puntos de infiltracións de augas brancas e mariñas na rede de saneamento, esixir aos/ás usuarias/os non domésticos que dispoñan do permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así como dispor dun censo das/os usuarias/os con permiso de vertedura e REMITIR A AUGAS E GALICIA A INFORMACIÓN RELATIVA AOS PERMISOS DE VERTEDURA indicados.

Por todo isto a Concellería de Medio Ambiente dá traslado á XGL do escrito de Augas de Galicia para o seu coñecemento así como para que se adopten as medidas que consideren pertinentes. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda continuar remitindo a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura e remitir o escrito enviado á Empresa Espina & Delfín aos efectos oportunos, en calidade de concesionaria do servizo, para que leve a cabo as recomendacións citadas.

PRP2022/0678

Dáse conta do escrito remitido por Augas de Galicia notificando resolución do recurso de alzada interposto polo Concello de Vilagarcía de Arousa, contra a resolución do 06/07//2021 do procedemento de clave: DH.D36.73281, pola que se sanciona ao Concello de Vilagarcía cunha multa económica de 4.500,00€ pola comisión dunha infracción leve.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Augas de Galicia o seu total desacordo coa sanción imposta, xa que, os verquidos foron corrixidos polo Concello con anterioridade a imposición da sanción. Asimismo comunica que dita sanción xa foi abonada polo Concello con data 30/07/2021.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/0644

Dáse conta de proposta da Área de Igualdade, para a realización dun obradoiro teórico práctico denominado "Cara a Independencia dixital" orientado a mulleres, financiado con cargo aos Fondos do Pacto de Estado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Nova Xestión Cultural SL para a realización dun obradoiro formativo apra 10 persoas denominado "Cara a independencia dixital", consistente en 8 sesións de dúas horas cada sesión, por un importe total de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0621

Dáse conta de resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se ten por desistido ao Concello de Vilagarcía de Arousa da solicitude de autorización do expediente 1735/2021, relativo á "Rehabilitación do edificio principal e anexos, para uso social situado na Avda. Doutor Tourón 3.

A Xunta de Goberno Local queda saberoda e faise constar que se está elaborando a documentación necesaria.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.